

ANUNCIO

Por resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réximen Interior e Desenvolvemento Económico núm.584/2025 de data 16 de xuño de 2025, aprobáronse a convocatoria e as bases do proceso para a contratación en réxime laboral temporal a xornada completa de tres peons para a brigada de limpeza de faixas secundarias, subvencionados por resolución de 15/05/2025 do director territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia ao abeiro da orde de 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no ámbito rural “APROL Rural” para o exercicio 2025 na que establece:

Primeiro.- Convocar proceso para a selección en réxime laboral temporal de tres peóns para a brigada de limpeza de faixas secundarias, subvencionados por resolución de 15 de maio de 2025 do director territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia ao abeiro da orde de 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural “APROL Rural” no exercicio de 2025.

Ditas contratacións formalizaranse para o desenvolvemento do programa APROL Rural 2025

Postos de persoal directivo, docente e persoal de apoio	Nº Prazas	Xornada (%)	Duración (meses)
Peóns para brigada limpeza faixas secundarias	3	100 %	9 meses

Segundo.- Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria que a continuación se expoñen:

BASES REGULADORAS PARA A SELECCIÓN DE TRES PEÓNS DA BRIGADA DE LIMPEZA DE FAIXAS SECUNDARIAS AO ABEIRO DA ORDE DO 05/03/2025 DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2025.

As presentes bases rexerán o procedemento de selección dos tres peóns da brigada de limpeza de faixas secundarias enmarcado dentro do programa APROL RURAL 2025, segundo o establecido no artigo 14 da Orde do 5 de marzo de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (DOG núm.50 de 13/03/2025), e as instrucións que constan na Sede

Electrónica da Xunta de Galicia código de procedemento TR351G, asinadas polo secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, de data 28/03/2025 (CVE: DiSIQv5OcLY3) - (CVE: YzzQMEt4gxL8).

O procedemento de selección irá precedido da tramitación de oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia, segundo o establecido na antedita orde e instrucións. **O tipo de oferta a tramitar será o tipo J – COOPERACIÓN ENTIDADES LOCAIS APROL RURAL.** Esta oferta ten unha configuración específica de ordenación e priorización, coa fin de favorecer nos emparellamentos/sondaxes aos demandantes pertencentes aos colectivos indicados no artigo 14.6 da Orde de convocatoria.

O programa APROL RURAL é un programa de fomento do emprego dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a través de fondos da Comunidade Autónoma de Galicia en colaboración co Concello de Cambre.

As actuacións a realizar durante un periodo de Nove (9) meses a xornada completa, consistirán fundamentalmente en aquelas que se executen por administración directa e que sendo de interese xeral posibiliten a incorporación laboral dos desempregados/as locais, mediante a adquisición de formación e práctica profesional, entre os diferentes sectores laborais.

Realizarán tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola lei de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia. O Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Cambre foi aprobado definitivamente por Resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras núm.1475/2021, de 24 de agosto. O Obxectivo deste Plan é a definición da rede de faixas

secundarias de xestión de biomasa, formadas por un conxunto de parcelas lineais do territorio estratéxicamente localizadas, e garantir o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas idóneas, co fin principal de reducir o risco de incendio e protexer a seguridade das persoas. O marco xeográfico é o concello de Cambre, localizado na provincia de A Coruña, dentro do Distrito Forestal II Bergantiños-Mariñas Coruñesas. Para elo, ordenarase a execución das accións necesarias para conservar e manter o chan e a biomasa

vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios.

PRIMEIRA. – Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria regular as bases do procedemento para a selección e contratación laboral temporal cunha **duración de 9 meses** dos tres peóns da brigada de limpeza de faixas secundarias ao abeiro da orde do 05/03/2025 (DOG núm. 50 de data 13/03/2025) da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, e as instrucións da secretaría xeral de Emprego e Relacións Laborais para o procedemento TR351G. As persoas traballadoras serán contratadas, segundo o establecido no artigo 15 da antedita orde, baixo a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego previstos na Lei de Emprego 3/2023, de 28 de febreiro,

Os contratos de traballo do persoal contratado deberán formalizarse por escrito no modelo oficial correspondente, a través de contratos vencellados a programas de activación para o emprego, en concreto o contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral modelo 405 (contrato a tempo completo).

Contratarase o seguinte persoal para a realización das funcións asignadas á brigada de limpeza de faixas secundarias, na modalidade de contratación laboral temporal vencellados a programas de activación para o emprego: (duración 9 meses).

Postos de persoal directivo, docente e persoal de apoio	Nº Prazas	Xornada (%)	Duración (meses)
Peon/operarios	3	100 %	9 meses

Para proceder á contratación dos tres peóns para a brigada de limpeza de faixas secundarias seguirase o establecido nos artigos 14 e 15 da Orde de 05/03/2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, e as instrucións asinadas en data 28/03/2025 polo secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais da antedita consellería en relación co procedemento de selección do persoal do programa de fomento de emprego no medio rural APROL Rural 2025.

A modalidade de contratación será o contrato laboral temporal para a mellora da ocupabilidade e inserción, vinculados a programas de activación para o emprego, segundo o establecido na Disposición adicional novena

da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego, que foi introducida a través da disposición final 2ª do RD-ley 32/2021 da reforma laboral.

SEGUNDA. – Tribunal de selección.

O Tribunal nomeado para a selección dos tres peóns da brigada de limpeza de faixas secundarias terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes previamente remitidos pola Oficina de Emprego asignada para o efecto así como a valoración das entrevistas.

O Tribunal estará constituído por cinco (5) membros; un presidente, un secretario, e tres vogais, funcionarios de carreira do Concello de Cambre:

Presidenta: Dona Ana María Portela Torrón, responsable da Axencia de Desenvolvemento Local e como suplente Beatriz Castro Pico, axente de desenvolvemento local.

Secretaria: Sonia Machín Herranz, axente de desenvolvemento local e como suplente Fernando Manuel Garrido Negreira, técnico de administración xeral.

Vogal: Don Francisco Manuel López Álvarez, capataz da brigada de obras e como suplente Miguel Ángel Ces Pérez, encargado de servizos.

Vogal: Don Horacio Torreiro Ramos, oficial de obras e como suplente Javier Villares Losada, delineante.

Vogal: Dona Ana María Monje Barcia, coordinadora de Servizos Sociais e como suplente Dona Ana Paula Suárez Villaverde educadora Social.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, da metade máis un dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente/a e do secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante, cando concurran algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 de Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias. O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde de proceso de selección en todo o que non estea previsto nestas bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRA. – Preselección de aspirantes.

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde de 05/03/2025 da Consellería de Promoción do Emprego e Emigración, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, e nas instrucións asinadas o día 28/03/2025 da secretaría xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en relación co procedemento de selección do persoal enmarcado dentro do programa APROL Rural; para a selección das persoas candidatas o Concello de Cambre contactará coa oficina de emprego asignada e presentará as correspondentes ofertas de emprego, solicitando unha relación de persoas candidatas segundo os requisitos establecidos para o posto de traballo.

A Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais remitirá previamente o listado de entidades beneficiarias e postos de traballo concedidos, para os efectos de que as oficinas de emprego teñan coñecemento previo das seleccións a realizar. De xeito paralelo, os programas concedidos serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia para que poidan ser coñecidos polas posibles persoas beneficiarias. Neste senso, a oficina de emprego informará ás persoas interesadas dos requisitos da convocatoria e o sistema de selección a través de oferta de emprego específica para as ocupacións concedidas.

A selección definitiva das persoas traballadoras realizarase de entre as persoas candidatas que sexan remitidas pola oficina de emprego asignada ao Concello de Cambre, non sendo admitida ningunha persoa candidata que non sexa preseleccionada pola oficina de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia.

Unha vez recibida a relación de persoas candidatas, o Concello de Cambre contactará vía Email ou telefónicamente (SMS) para os efectos de verificar o seu interese en participar no programa APROL Rural, e facilitaralles a documentación para participar no proceso de selección (bases da convocatoria, solicitude e documentación necesaria para participar no proceso selectivo).

CUARTA. – Sistema de selección

Tramitación de oferta de emprego tipo J (COOPERACIÓN ENTIDADES LOCAIS APROL RURAL) na Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) segundo se contempla no artigo 14 da orde de 5 de marzo de 2025 e nas instrucións para o procedemento de selección asinadas o 28/03/2025 polo secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (CVE: DiSIQv5OcLY3) - (CVE:YzzQMEt4gxL8).

Segundo o establecido o punto 5 das instrucións 4/2025 anteditas, o número de persoas candidatas que as oficinas de emprego proporcionarán por posto de traballo ás entidades beneficiarias será, sempre que sexa posible, non inferior a dúas nin superior a dez. A remisión de novas persoas candidatas só procederá cando a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta ou por rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos. A oficina de emprego realizará a sondaxe da seguinte maneira:

POSTOS	Nº PRAZAS
Peóns/operarios brigada de limpeza de faixas secundarias	3

QUINTA. – Requisitos de selección

5.1.- Requisitos Xerais:

- Ser español ou ter a nacionalidade dun país membro da Unión Europea, ou a de calquera daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos previstos no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xublación forzosa.
- Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse inhabilitado/a para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, conforme á normativa vixente.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das tarefas do

posto. Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar na instancia, sinalando se precisan adaptacións para a realización das probas, e especificando tales adaptacións.

5.2.- Requisitos específicos:

Requisitos das persoas candidatas: Os requisitos mínimos que deben cumprir as persoas preseleccionadas segundo o establecido no artigo 14 da Orde do 5 de marzo de 2025, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural APROL Rural da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (DOG núm.50, do 13/03/2025) son os seguintes:

- Estar en situación de desemprego, entendéndose nesa situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, carecer de ocupación remunerada e estar dispoñibles para o emprego ou as persoas traballadoras con contrato por tempo indefinido fixo discontinuo, inscritas como demandantes de emprego en calquera oficina de emprego de Galicia tamén poderán ser contratadas, sempre que a súa contratación resulte posible en función da duración do contrato subvencionado e do contrato fixo discontinuo que teñan suscrito, así como da duración do período de non actividade.

O tribunal **excluirá** do proceso selectivo, segundo o establecido no artigo 14.3 da orde 05/03/2025, ás persoas traballadoras que foran contratadas no programa Aproz rural (TR351G), por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2024 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2024. IGE).

Terán preferencia, segundo o establecido no artigo 14.6 da orde, as persoas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral e, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral relacionados neste artigo.

SEXTA. – Presentación solicitudes

As persoas aspirantes preseleccionadas pola oficina de emprego que queren formar parte no proceso de selección deberán presentar a solicitude, no modelo Anexo I destas bases xuntando a documentación para a súa baremación.

A presentación farase nos Rexistros do Concello de Cambre (de maneira presencial ou electrónicamente) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación da solicitude e a documentación será de 3 días a partires da comprobación de dispoñibilidade das persoas candidatas, (unha vez recibidas as sondaxes da oficina de Emprego tramitadora) por parte do persoal técnico da ADL a través de correo electrónico, SMS ou chamada telefónica, deixando constancia da mesma.

SÉPTIMA. – Documentación que os aspirantes deben acompañar coa solicitude.

Deberán presentar a seguinte documentación.

Documentación XERAL a presentar:

- Solicitude - Anexo I.

- Anexo II autorización cesión de datos.
- Anexo III declaración
- Documento acreditativo de estar inscrito como demandante de emprego actualizado. (Non se considera válida a tarxeta DARDE)
- Fotocopia e orixinal do DNI ou NIE.
- Fotocopia e orixinal das titulacións académicas, especialmente a máxima acadada.
- Informe de Vida Laboral da Tesorería Xeral da Seguridade Social actualizado.

Documentación a presentar no caso de que proceda para a súa valoración:

- Certificado do compromiso IPI (itinerario persoalizado de inserción) asinado por un orientador/a do Servizo Público de Emprego que soliciten obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, formación AFD relacionados co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinería.
- Informe dos Servizos Sociais Municipais ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración da Consellería de Política Social, ou organismo competente, conforme é perceptor da Risga ou pertence a un colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión social.
- Documentación acreditativa de ser vítima de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou explotación sexual.
- Certificado de discapacidade emitido por organismo competente
- Documentación acreditativa da condición de emigrante retornado, emitido pola autoridade competente.
- Acreditación da condición de persoa extranxeira con autorización de residencia e traballo en España emitido por organismo competente.
- Libro de familia.
- Título de familia numerosa.
- Título de familia monoparental.
- Documentación acreditativa de ter persoas ao seu cargo, cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de 26 anos ou maiores con discapacidade e persoas maiores dependentes ao seu cargo, así como menores en acollemento.
- Documentación que acredite a condición de trans.
- Carnet de conducir B

O/a aspirante deberá asinar unha autorización para o tratamento de datos de carácter persoal segundo o disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.

Achegarán a seguinte documentación orixinal ou debidamente compulsada, ordenada da seguinte maneira:

- Solicitud - Anexo I
- Autorización Anexo II
- Declaración Anexo III
- Fotocopia do DNI/NIE
- Título académico oficial
- Os cursos realizados que se xustificarán cos correspondentes diplomas ou certificados.
- A experiencia profesional en ocupacións relacionadas co posto de traballo como: peón de brigada de incendios ou desborces, peón forestal, xardinería ou agrario, ou operarios peóns; deberá xustificarse con:

o Informe de vida laboral actualizado emitido pola Tesorería Xeral da Seguridade Social e

o Para traballos por conta allea: contratos ou certificados de empresa, ou nóminas que reflectan o posto de traballo desenvolvido de cada experiencia laboral.

- o Para traballos por conta propia: certificado de situación censual actualizado ou histórico nos epígrafes correspondentes co posto de traballo.
- o Para traballos no estranxeiro: Certificación oficial na que conste o traballo desenvolvido: os períodos traballados, categoría profesional e xornada (en castelán ou galego).

OITAVA. – Procedemento de selección.

Fases do proceso selectivo. O proceso selectivo constará de dúas fases: unha fase de entrevista e outra fase de baremo da documentación aportada.

8.1.) Fase de entrevista. Terá por finalidade avaliar o interese do/a aspirante en participar no programa así como as súas actitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do traballo a desempeñar. A fase de entrevista non será eliminatoria e corresponderalle unha puntuación máxima de 3 puntos.

Items a valorar		Puntos máximos
Competencias, perfil profesional. Interese e dispoñibilidade empregabilidade	Dispoñibilidade	Ata 3 puntos
	Motivación e aptitude	
	Actitude	
	Capacitación profesional	
	Aproveitamento e empregabilidade	
TOTAL		Max 3,00 puntos

1.- ENTREVISTA ADECUACIÓN AO POSTO DE TRABALLO (Máx 5 puntos)	
CONCEPTO	PUNTOS
ENTREVISTA: Avaliarase o interese no proxecto, as actitudes, capacidades e a adecuación ás características do posto de traballo (base 9.1.1.)	Ata 3
TOTAL 1	Max 3 Ptos

8.2.) Fase baremo de méritos e documentación aportada. Unha vez realizada a fase de entrevista procederase a avaliar a documentación presentada polas persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego, segundo o baremo establecido nestas bases e a documentación aportada por cada un deles.

2. – FASE VALORACIÓN MÉRITOS E PERSOAS PREFERENTES	
1.- CRITERIOS persoas preferentes segundo a orde 05/03/2025	
CONCEPTO	PUNTOS
PERSOAS QUE PARTICIPASEN EN O.E, PIE, AFD	
Eido forestal, conservación montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinería	1
MULLER	
Muller vítima de violencia de xénero	2
Muller en xeral	1
IDADE	
Idade 18 – 29 anos sen emprego anterior	1
Idade 45 ou máis anos	1
DISCAPACIDADE (acreditada con certificación emitida pola administración competente)	
Por ter recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%, sempre que lle permita o desenvolvemento da ocupación	1
PROTECCIÓN POR DESEMPREGO	
Persoas que tendo sido perceptoras de prestacións ou subsidios por desemprego esgotasen as prestacións nos últimos tres anos	1
TEMPO DE DESEMPREGO	
Inscripción no SPEG máis de 12 meses	1
COLECTIVOS DESFAVORECIDOS (con acreditación oficial da administración competente)	
Perceptores do tramo de inserción da Renda de Inclusión Social de Galicia	1
Emigrantes retornados ou extranxero con permiso de residencia e traballo	1
PERSOAS TRANS	

Condición trans	1
UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA (con acreditación oficial da administración competente)	
Familia numerosa	1
Familia monoparental	1
Persoas a cargo (cónxuxe, parella de feito, fillos menores de 26 anos e maiores con discapacidade e persoas dependentes)	1
TOTAL colectivo preferente (Máximo 10 puntos)	10 pts
2.- Méritos a valorar	Puntos
a) Experiencia laboral en tarefas directamente relacionadas co posto de traballo	
0,10 puntos por cada mes de traballo en Administracións Públicas, empresas ou institucións privadas. (Para os efectos de valoración terase en conta os días cotizados na Seguridade Social segundo o disposto no informe de vida laboral.)	<i>Ata 5 puntos</i>
b) Formación complementaria	
Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, impartidos por Administracións Públicas ou organismos dependentes das mesmas, así como organizacións empresariais, sindicais, colexios profesionais ou universidades. Valoraranse como segue: - Por cada hora de formación recibida 0,001 puntos. - Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán. - A asistencia a xornadas, simposios, conferencias ou congresos non serán obxecto de puntuación. Cando a documentación xustificativa especifique a duración en créditos, agás que especifique o seu valor, entenderase que 1 crédito equivale a 10 horas de duración e 1 crédito ECTS equivale a 25 horas.	<i>Ata 3 puntos</i>
c) Coñecementos do idioma galego: (puntuación máxima 1 punto)	
- Celga 1 ou equivalente: 0,25 puntos - Celga 2 ou equivalente: 0,50 puntos - Celga 3 ou equivalente: 0,75 puntos - Celga 4 o 5 ou equivalentes: 1,00 punto Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.	<i>Ata 1 punto</i>
d) Por posuir o carnet de conducir B	1 punto
TOTAL	10 puntos

A documentación acreditativa dos méritos alegados deberá achegarse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes. A documentación que se presente fóra deste prazo será considerada achega de nova documentación fóra de prazo e non se terá en conta.

A cualificación final do concurso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de entrevista e a de valoración de todos os méritos alegados.

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas serán os seguintes:

- A puntuación obtida no apartado de criterios preferentes segundo a orde 05/03/2025
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- A puntuación correspondente á formación.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.

A relación das puntuacións outorgadas serán expostas en cada fase nos taboleiros así como na páxina web do Concello de Cambre, debendo figurar o prazo para presentar reclamacións.

O tribunal de selección redactará as correspondentes actas e anuncios, e unha vez rematado o procedemento de selección remitirá á Oficina de Emprego o correspondente resultado das ofertas de emprego segundo os

modelos oficiais facilitados así como de ser o caos a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas.

NOVENA. – Cualificación e proposta do Tribunal

Rematada a cualificación das persas aspirantes, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de prazas convocadas e faraa pública na páxina web do Concello de Cambre.

Rematado o proceso selectivo, a entidade promotora contará cunha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do proposto para ocupar a última praza obxecto da convocatoria. Esta listaxe empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada, segundo o establecido no artigo 17 da orde 05/03/2025.

O resultado publicarase na páxina web do Concello de Cambre na que aparecerá o listado coas puntuacións, por orde decrecente, acadadas por cada un/unha dos/das aspirantes no procedemento de selección e a proposta de contratación será elevada ao concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación Réximen Interior e Desenvolvemento Local para os efectos de proceder aos nomeamentos e á correspondente formalización dos contratos de traballo. Os/As interesados/as disporán dun prazo de 1 día hábil contados dende o día seguinte a esta publicación para presentar as alegacións que estimen oportunas, no Rexistro Xeral do Concello de Cambre. Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse as alegacións existentes e ditarase resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba esta lista de contratación.

As persoas que se seleccionen deberán manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto segundo o establecido no artigo 14 da Orde de 05/03/2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

DÉCIMA. – Lista de reserva.

Ao rematar o proceso selectivo formarase unha bolsa de traballo coas persoas candidatas que resulten aprobadas e non propostas para a cobertura das prazas en orde descendente de puntuación. Os que formen parte da mesma poderán ser chamadas (sempre respectando a orde da lista), para cubrir os postos de traballo ao que opten, obxecto da convocatoria, no caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a formalizar o contrato de traballo, o órgano convocante poderá realizar a substitución pertinente para o dito servizo. Os chamamentos para substitucións realizarase por medios telemáticos, e dirixirase ao enderezo electrónico facilitado. A persoa candidata terá 24 horas para dar resposta, e a súa incorporación realizarase no prazo de cinco días hábiles seguintes, contados dende o seguinte ao chamamento, a estes efectos os candidatos facilitarán un número de teléfono e enderezo correo electrónico, aos efectos dos seus chamamentos. As persoas candidatas que non acepten cubrir os postos, ou non respondan ao chamamento, agás nos casos debidamente xustificadas, quedarán excluídos da lista de reserva. Esta listaxe empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada, segundo o establecido no artigo 17 da orde 05/03/2025.

DÉCIMO PRIMEIRA. – Incidencias

O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten e adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

DÉCIMO SEGUNDA. – Presentación de documentación para a contratación.

Os aspirantes seleccionados deberán presentar no Concello de Cambre, **no prazo de dous días** contados a partir da publicación das listaxes definitivas, a seguinte documentación (Non é necesario presentar aquela documentación que xa aportou neste proceso de selección e obra en poder do concello). No caso de que algunha das persoas seleccionadas para a contratación non presentara a documentación en tempo e forma, procederáse a chamar a seguinte persoa candidata da lista que terá un prazo de dous días a contar desde que se produza o feito.

- Fotocopia do seu documento nacional de identidade, que se deberá presentar co orixinal.
- Declaración xurada de que non foi separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin de atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, e declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- Documentación acreditativa, emitida polo médico da Sanidade Pública, de posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das correspondentes tarefas ou funcións, ou no caso de non poder obtela no prazo, a solicitude da cita médica.

DÉCIMO TERCEIRA. – Impugnación

As persoas interesadas poderán impugnar a presente convocatoria e as súas bases potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que as aprobou ou directamente ante a Xurisdición Contencioso Administrativa, de conformidade cos artigos 112 e 123 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación deste acto, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015 indicada.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación deste acto e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

DÉCIMO CUARTA. – Protección de datos de carácter persoal

As persoas aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento dos seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a LOPD 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento. Os datos serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Cambre, autorizando ao tratamento dos mesmos, para a súa utilización en relación co desenvolvemento do proceso selectivo. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia do DNI, dirixida ao Concello de Cambre.

Os interesados poderán impugnar a presente convocatoria e as súas bases potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que as aprobou ou directamente ante a Xurisdición Contencioso Administrativa, de conformidade cos artigos 112 e 123 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á da publicación

deste acto, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015 indicada.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación deste acto e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

O concelleiro delegado
Rubén Vázquez Pérez